



## Concello de Outeiro de Rei

### SESIÓN PLENARIA ORDINARIA DE 26 DE SETEMBRO DE 2019

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, sendo as trece horas e quince minutos do día 26 de setembro de dous mil dezanove, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros D. José Yebra Amorín, D. Luis Varela Pérez; D. Jesús Fernández García, D. Antonio López Pérez, D<sup>a</sup> Pilar Méndez Lombao; D<sup>a</sup> María José Martínez Vigo; D<sup>a</sup> Begoña Seco Varela; D. Xabier Molinos Campos, D. Xosé Ferreiro Fernández; D<sup>a</sup> Elvira Lombao Vila e D<sup>a</sup> María del Carmen Acacio López, co obxecto de celebrar a presente sesión extraordinaria.

Dona Tania Díaz Seijas excusa a súa asistencia.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

#### 1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Ponse de manifesto a acta da sesión plenaria celebrada o día 24 de xullo de 2019.

Non xurdindo debate, sométese a votación a proposta de aprobación de dita acta.

Realizada a votación, a acta resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

#### 2.- MOCIÓN RELATIVA Á ADOPCIÓN DE MEDIDAS PARA O CONTROL DA POBOACIÓN DO XABARIL

O voceiro do grupo municipal do PP asume a defensa da seguinte moción:

*“Jose Pardo Lombao, na súa calidade de voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación municipal, a seguinte moción do grupo municipal do partido popular relativa á adopción de medidas para o control da poboación de xabaril que se basea nesta*

*Exposición de motivos:*

*A excesiva poboación de xabaril nos últimos anos medrou dun xeito exponencial en Galicia, e tamén na provincia de Lugo, ata acadar uns números con difícil comparación, e supuxo importantes danos nas explotacións e os cultivos da nosa zona. Uns danos que se ben*





## Concello de Outeiro de Rei

---

*fai unha década podían ser asumibles porque eran case testemuñais, hoxe en día, nun marco de marxes económicos moi axustados para as explotacións, convertéronse nunha lacra que lastra de xeito moi importante os petos de gandeiros e agricultores.*

*Aínda que os gandeiros e agricultores son os danos máis coñecidos, a casuística producida por estes animais artéllase nas seguintes liñas: accidentes de tráfico, danos en terreos agrarios, inseguridade por ataque a persoas e outros animais domésticos e risco de transmisión de enfermidades ao gando das explotacións.*

*A provincia de Lugo, e incluso a propia cidade, non é allea á proliferación desta especie, ata o punto de que chegaron a facer continuas incursións na zona periurbana.*

*Con todo, para afrontar esta realidade, dende o Partido Popular considérase prioritaria a adopción de medidas prioritarias transversais a todo o país e coordinadas polos ministerios de Agricultura e Transición ecolóxica, coa colaboración directa de todas as comunidades autónomas.*

*Por todo o anterior, o Grupo Provincial do Partido Popular eleva ao Pleno do Concello de Outeiro de Rei a presente moción relativa á adopción de medidas para o control da poboación de xabaril e propónse a aprobación dos seguintes acordos:*

*1º.- Solicitar dos ministerios de Agricultura e Transición ecolóxica a elaboración dun censo real oficial de xabarís por comunidades autónomas.*

*2º.- Solicitar do Goberno do Estado unha normativa semellante a de Francia que protexa o sector da caza e os cazadores no exercicio desta actividade.*

*3º.- Solicitar que os ministerios de Agricultura e o de Transición ecolóxica en colaboración coas CCAA deseñen un plan de xestión do xabaril en España.*

*4º.- Solicitar dos ministerios antes citados, medidas do plan de xestión do xabaril en España tales como:*

- Habilitar fondos para as comunidades autónomas destinados a liñas de axuda para implementar e incrementar as medidas de bioseguridade nas explotacións de porcino.*

- Creación e posta en funcionamento dunha conferencia sectorial específica a nivel nacional sobre o xabaril.*

- Continuar mellorando a normativa básica de caza e garantías nas actuacións de control da poboación de xabarís.*

*5º.- Instar aos ministerios antes citados a que establezan un protocolo de actuacións con Portugal dada a súa proximidade a Galicia para actuar ante a praga de xabaril.*





## Concello de Outeiro de Rei

6º.- *Instar á Xunta de Galicia a que siga mantendo a colaboración cos colectivos e sectores implicados.*

7º.- *Instar á Xunta de Galicia á seguir traballando ante a existencia dunha emerxencia cinexética e sanitaria en Galicia, e adoptando tamén medidas que incentiven o consumo e comercialización da carne de caza.*

8º.- *Instar á Deputación a que manteña limpos os terreos nas inmediacións das estradas da súa titularidade, co fin de evitar que sexan zonas de encame destes animais.*“

Rematada a defensa da moción, a voceira do PSdG-PSOE pregunta qué medidas ten que adoptar a Xunta de Galicia para evitar que os xabarils se fagan donos dos montes nunha Galiza cada vez máis despoboadada, ademais dos que dí que está a facer e que obviamente son insuficientes para atallar esta crise cinexética. E recorda que existen mecanismos coma os previstos na Lei 13/2013, de caza de Galicia, na que se recoñece que a superficie cinexética de Galicia supón máis do 80% da superficie da CCAA.

No artigo 48 de dita Lei establécese:

1. *Quen sexa titulares dos tecores e das explotacións cinexéticas comerciais en que se cacen especies silvestres presentarán obrigatoriamente un plan de ordenación cinexética para un período de cinco anos, redactado por unha ou un técnico universitario competente, que, unha vez aprobado pola persoa titular da dirección xeral competente en materia de caza, será de obrigado cumprimento para o ordenado desenvolvemento da actividade cinexética, dentro do marco dos períodos hábiles xenerais. Con todo, quen sexa titulares de tecores que voluntariamente quixesen revisalo poderán solicitar a súa revisión en calquera momento antes de finalizar o seu período de vixencia.*

2. *Quenes sexan titulares dos tecores e das explotacións cinexéticas comerciais en que se cacen especies silvestres haberán de presentar obrigatoriamente, dirixido á persoa titular do órgano territorial da dirección competente en materia de conservación da natureza e cunha antelación mínima de dous meses ao comezo de cada tempada de caza, un plan anual de aproveitamento cinexético que desenvolva as previsións contempladas no plan de ordenación cinexética para esa tempada. A persoa titular do devandito órgano territorial dispoñerá dun prazo dun mes para ditar e notificar a correspondente resolución. En defecto de resolución expresa no prazo indicado, non se entenderá aprobado.*

*Unha vez aprobado o plan, será de obrigado cumprimento.*

3. *O incumprimento das obrigacións contidas nos plans regulados nos apartados anteriores determinará a falta de dilixencia na conservación dos terreos afectados por parte do seu titular.*

Por outra banda, o artigo 4 da Lei de caza de Galicia, establece que *A planificación, ordenación, fomento, vixilancia e control da caza corresponderá á consellería competente en materia de caza, a cal realizará cantas actuacións estime precisas para alcanzar os obxectivos*





## Concello de Outeiro de Rei

---

*da presente lei.*

É dicir, que as competencias para o control da caza corresponde á Consellería correspondente da Xunta de Galicia.

Polo tanto, non se explica porqué nesta moción o PP pretende derivar a responsabilidade propia da Xunta de Galicia no Goberno da nación, sen asumir que a competencia e a responsabilidade corresponde á Xunta de Galicia.

O concelleiro do BNG, don Xabier Molinos Campos, expresa a súa sorpresa polas formas e contido da moción, e sobre todo polo feito de que o BNG leva varios anos presentando perante o pleno e as comisións do Parlamento de Galicia iniciativas relativas á xestión cinexética nas que se abordaban estas cuestións, iniciativas ás que o PP votou sistematicamente en contra.

E o PP xustificou a súa oposición ás iniciativas do BNG alegando que a Xunta xa está a tomar as medidas convenientes para atallar o problema, cando pódese ver que o problema está moi lonxe de estar atallado.

Sorpréndese tamén que na moción reclámase que faga o Estado o que legalmente lle corresponde facer á Xunta de Galicia. E isto non é senón un recoñecemento da incapacidade do Goberno do PP para solucionar o problema.

Recorda cómo fai un par de lexislaturas, Arcadio, por aquel entón concelleiro do BNG, presentou unha moción instando ao Goberno central que amañase as vallas da autovía para evitar que a fauna provocase accidentes. O PP votou en contra de esta moción.

Recorda tamén que os representantes da Xunta de Galicia asistiron á Conferencia Sectorial de Agricultura na que, no mes de febreiro, aprobaron a Estratexia nacional de control do xabaril, que prevé a creación de un censo cinexético de esta especie.

Con esta moción o que pretende o PP é agochar o gravísimo problema demográfico e de abandono do rural que está a vivir Galicia, así coma o abandono da actividade agraria. Na década dos 90 pecharon máis de 100.000 explotacións agarias e esta sangría non cesa.

A estas circunstancias engádese o caos da ordenación territorial, e o monocultivo do eucalipto e do millo así coma a degradación dos hábitats naturais.

O BNG considera que a solución é un Plan de Xestión do Xabaril, que esixe da cofección dun censo real, de medidas de bioseguridade así coma medidas de compensación polos danos á agricultura.

O voceiro do grupo municipal do PP resposta que neste concello non se pode falar de despoboación, xa que Outeiro de Rei medrou máis de un 20% nos últimos anos. A despoboación podemos atopala precisamente nos concellos gobernados polo BNG e máis o PSdG-PSOE.





## Concello de Outeiro de Rei

---

Asemade, informa que todos os tecores que coñece dispoñen dun plan cinexético aprobado.

Lamenta que o BNG se negue a demandar ao Goberno do Estado que actúe e mesmo invirta en Galicia para afrontar este problema. E máxime cando o Goberno do Estado está a negarse a pagar á CCAA de Galicia os cartos que lle corresponden.

Por outra banda, a expansión do xabaril non é un problema illado de Galicia, senón que afecta á práctica totalidade do territorio nacional así coma a Portugal. Polo tanto, a adopción de medidas illadas nas CCAA non é quen de atallar o problema.

Don Xabier Molinos recalca que as competencias neste aspecto lle corresponden á Xunta de Galicia, tal e como indica a normativa citada pola voceira do PSOE e máis como dispón claramente a Lei de conservación da natureza de Galicia, que atribúe a Galicia a competencia de xestión da fauna. Ou a Lei de Caza, que atribúe a competencia plena en materia de caza á CCAA de Galicia.

Asemade, non se pode afirmar nun parágrafo que existe un número excesivo de xabarils e, acto seguido, solicitar que se faga un censo para coñecer o número de xabarils. Isto é outra contradicción inxustificable.

A moción tamén afirma que existe unha emerxencia sanitaria e cinexética en Galicia, porén dita situación de emerxencia non foi declarada. Si a houbo en Andalucía coa Listeria (onde Goberna o PP):

Instase á Deputación a que desbroce e limpe as fanxas da súa competencia, coma si o Concello de Outeiro de Rei tivera limpas as súas.

Tamén afirma a moción que a Xunta ten unha partida para indemnizar aos labregos, pero cala que dita partida é de 700.000 euros namentres os danos do xabaril cuantifícanse en máis de 15.000.000. A diferenza sae dos petos dos labregos.

Finalmente, a moción céntrase na caza coma solución ao problema, citando o modelo francés, se ben ignora o modelo francés relativo ao cultivo e utilización do territorio, ou mesmo á necesaria intervención dos restantes axentes sobor o territorio, coma gandeiros, labregos, veterinarios e mesmo ecoloxistas.

Por tales motivos, non poden apoiar a moción.

A voceira do PSdG-PSOE considera que a moción tería que esixir á Xunta de Galicia que cumpra as súas obrigas e, unha vez feito isto, ao Goberno central.

Por outra banda, Outeiro de Rei medra como dormitorio de Lugo, pero o rural de Outeiro de Rei está a abandonarse coma no resto de Galicia.





## Concello de Outeiro de Rei

---

O Alcalde non se sorprende de que a voceira do PSOE non coñeza a realidade de Outeiro de Rei á vista da representatividade de este partido no pleno. E infórmalle que este é o Concello onde máis cidadáns de Lugo veñen a traballar, polo que non é un concello dormitorio.

En resposta ao concelleiro do BNG afirma que o feito de que as competencias sexan compartidas non xustifica que se inhiba nun problema que abarca a todo o territorio do Estado, xa que para iso é quen recada a meirande parte dos impostos. E se a Xunta de Galicia non pode dotar a partida para indemnizacións nunha contía equivalente aos danos, con máis razóns debería actuar o Goberno do Estado.

Rematado o debate, sométese a votación a aprobación da moción.

Realizada a votación, a moción resulta aprobada con oito votos a favor e catro abstencións, pertencentes aos concelleiros do BNG e máis do PSdG-PSOE.

### **3.- MOCIÓN PARA QUE O CONCELLO DOTE ÁS PARROQUIAS DE CONTENEDORES SUFICIENTES PARA A RECOLLIDA DE PLÁSTICOS DE USO DOMÉSTICO ASÍ COMA DUNHA FRECUENCIA SUFICIENTE NA RECOLLIDA DE ESTE TIPO DE RESIDUOS**

Fai uso da palabra a concelleira do BNG Elvira Lombao Vila asumindo a defensa da seguinte moción:

*Xosé Ferreiro Fernández, Elvira Lombao Vila e Xabier Molinos Campos, concelleiros e concelleira do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte:*

*Moción para que o concello dote ás parroquias de contedores suficientes para a recollida de plásticos de uso doméstico así como dunha frecuencia suficiente na recollida deste tipo de residuos*

#### *Exposición de motivos*

*A día de hoxe estase a producir en todo o mundo unha sensibilidade especial co problema dos residuos plásticos que o ritmo de vida actual está a xerar, sensibilidade que provoca que moitos países e algunhas administracións estean a facer campañas intensivas destinadas á redución deste tipo de residuos así como a reciclaxe dos que se poidan producir.*

*Debido precisamente á proximidade coa veciñanza, as administracións locais teñen unha especial responsabilidade neste tipo de políticas, sendo a súa obriga participar activamente nestas cuestións, tanto na sensibilización da poboación cara o problema como na organización dos servizos de recollida e reciclaxe, poñendo todos os medios materiais e organizativos para conseguir o obxectivo.*





## Concello de Outeiro de Rei

---

*No caso de Outeiro de Rei, aínda que a rede de recollida de lixo xenérico abrangue con maior ou menor acerto todo o concello, os contedores destinados ao reciclaxe para nada acadan o obxectivo, nin na cantidade de contedores existente nin na frecuencia de recollida.*

*Sen meternos de momento cos contedores destinados á recollida de papel ou de vidro, os destinados á recollida de plásticos domésticos están presentes soamente en moi contados lugares, sendo totalmente insuficientes. Ademais desta falta de contedores, debido á propia natureza do lixo que conteñen, os que existen éñchense moi rapidamente e a frecuencia de baleirado non é a axeitada. Isto provoca que sexa unha situación moi normal chegar con plásticos e envases para este contedor e atopalo totalmente cheo, co que estes plásticos rematan no contedor de lixo xenérico.*

*Ademais disto, hai que ter en conta que Outeiro segue a ser un concello eminentemente rural, sobre todo se temos en conta o número de núcleos de poboación. É así que resulta bastante habitual que nas vivendas de ámbito rural a lixo orgánico se utilice para facer compós para os hortos e os residuos de cartón e papel acaben utilizándose para as cociñas ou caldeiras de cualificación de leña. Isto fai que a cantidade de lixo deste tipo que vai aos contedores é relativamente pequena estando constituído por plásticos e envases a maioría do lixo que se manda para a rede de recollida, podendo este ir directamente destinado aos contedores de plásticos, se existira o número suficiente deles e a frecuencia de recollida fixera que nestes houbera sitio para depositar estes plásticos e envases.*

*É por todo o exposto con anterioridade, e sendo completamente inaceptable o mantemento desta situación, polo que o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Outeiro de Rei somete a debate e aprobación polo Pleno esta MOCIÓN, propoñendo a adopción dos seguintes ACORDOS:*

*1. O Concello de Outeiro de Rei levará a cabo unha campaña de sensibilización entre a veciñanza do concello para maximizar a reciclaxe de lixo correspondente a plásticos e envases de uso doméstico. 2. O Concello de Outeiro de Rei reforzará ata onde sexa necesario o número de contedores destinados á recollida de plásticos e envases de uso doméstico así como incrementará as frecuencias de recollida destes residuos para garantir que a veciñanza sempre atopará contedores con sitio para depositar este tipo de lixo. 3. O concello de Outeiro de Rei garantirá que todos os residuos recollidos neste tipo de contedores sexan tratados e reciclados dun xeito correcto.*

A voceira do PSdG-PSOE considera que a moción queda algo curta, xa que debería abordar tamén o problema do amianto. E mostra unhas fotografías feitas por ela mesma na rúa do Concello o día do último pleno, no que se aprecian unhas placas de uralita apoiadas nos contenedores municipais.

Advirte que se trata de un material moi contaminante e que debería recollerse con especiais medidas de seguridade.

O Alcalde invita aos concelleiros da oposición que coñezan un pouco mellor o concello, e recorda que este concello é pioneiro en dispor de contenedores de vidro, de plásticos, de papel





## Concello de Outeiro de Rei

---

ou mesmo de aceites, así coma facer a recollida de plásticos agrícolas ou de enseres a pé de contenedor.

Claro que sempre haberá algunha persoa que non fai o correcto, pero iso é inevitable. Pero este concello, dende fai moitos anos, implantou a recollida selectiva e, a día de hoxe, non hai nin unha sóla parroquia que non teña todo tipo de contenedores e mesmo que non se lle faga a recollida de plásticos agrícolas e de enseres a pé de contenedor a pesares de que dipoñemos de un punto limpo.

E ano a ano estase a incrementar o número de contenedores existentes e a implantar novas prestacións en prol do medio ambiente.

En tanto o que se pide xa está feito, non apoiarán a moción.

A concelleira do BNG aclara que o que están a pedir é incrementar o número de contenedores, xa que coñece que xa existen contenedores. Por outra banda, si están de acordo co que pedimos e o están a facer, non entende cómo non votan a favor.

A voceira do PSdG-PSOE, fai fincapé na necesidade de facer campañas de concienciación en prol do medioambiente para evitar imaxes coma a que hoxe trouxo ao pleno.

O Alcalde insiste en que os cartos son limitados e débense administrar con tino. Tamén afirma que este Goberno non traballa a golpe de moción, xa que de ser así xa fai tempo que os veciños non lle houberan renovado a súa confianza.

O servizo que se presta actualmente é un servizo moi aceptable para este concello, e seguiremos a melloralo colocando novos contenedores cando sexa necesario. Seguiremos a facer máis con menos.

Rematado o debate, sométese a votación a aprobación da moción.

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada con oito votos en contra, pertencentes aos concelleiros do PP, e catro votos a favor.

#### **4.- MOCIÓN PARA QUE O CONCELLO LEVE A CABO AS ACTUACIÓNS PRECISAS PARA QUE AS TRABALLADORAS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR COBREN AS DIETAS POLOS DESPRAZAMENTOS ATA OS DOMICILIOS DAS PERSOAS ÁS QUE ATENDEN**

A continuación o voceiro do BNG asume a defensa da moción, quen previamente expresa que para o BNG o servizo de axuda no fogar é un servizo esencial e agradece e reconece a importantísima labor que están a prestar as traballadoras do servizo e lamenta as condicións







## Concello de Outeiro de Rei

---

laboráis nas que deben facelo.

O texto da moción é o seguinte:

*Xosé Ferreiro Fernández, Elvira Lombao Vila e Xabier Molinos Campos, concelleiros e concelleira do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte:*

*Moción para que o concello leve a cabo as accións precisas para que as traballadoras do servizo de axuda no fogar de outeiro de rei cobren as dietas polos desprazamentos ata os domicilios das persoas ás que atenden*

*Exposición de motivos: A día de hoxe ninguén pon en dúbida a importancia e o necesario que resulta o Servizo de Axuda no Fogar (SAF), tanto no plano da axuda ás persoas que o necesitan como como medida imprescindible para conciliar a actividade laboral coa vida familiar en xeral e, neste caso, coa atención ás persoas maiores en particular.*

*Como servizo imprescindible que é, as condicións de traballo das persoas que o levan a cabo resulta fundamental para manter a súa calidade, debéndose fuxir de calquera tipo de explotación cara as traballadoras ou de que a compoñente de negocio ou beneficio económico para a empresa privada adxudicataria, case sempre a costa das condicións das traballadoras, se imponha ou se priorice sobre a calidade do servizo.*

*Resulta unha realidade incuestionable que o salario que estas persoas perciben polo seu traballo non se corresponde coa importancia deste nin tampouco coa responsabilidade que asumen nin coa dureza deste tipo de labor. Un salario “mileurista” non é forma de retribuír a traballadoras que desempeñan este tipo de funcións, sobre todo se se comparan con outros salarios de outros traballadores e traballadoras do concello que poden multiplicar varias veces o salario destas persoas.*

*Pero se o salario se pode cualificar como “cativo” para a labor que desempeñan, o que xa non ten xustificación ningunha é que teñan que asumir do seu peto os gastos ocasionados polos desprazamentos ata os domicilios das persoas usuarias deste servizo, deixando neste apartado unha boa parte do seu salario dado que en moitas ocasións teñen que cruzar varias veces o concello de extremo a extremo.*

*Esta situación xa ten provocado que varias traballadoras se viran obrigadas a deixar este traballo, pois os gastos que lles ocasionaba cruzar o concello de punta a punta varias veces ao día para acudir a estes domicilios (e estas si o fan de verdade) provocaban que o salario que lles quedaba a fin de mes non chegase a unha cantidade que se puidese considerar coEsta situación contrasta máis aínda, se cabe, se se observa como cobran as dietas de desprazamento o alcalde e o seu tenente de alcalde, os cases sen ningún tipo de pudor cobran cada quilómetro a 0,30 euros, dicindo que fan máis de 42.000 Km ao ano, percibindo por este concepto preto de 13.000€ anuais entre os dous.*

*Esta situación resulta a todas luces inxusta e necesita ser corrixida con urxencia. Non*





## Concello de Outeiro de Rei

---

*pode ser que persoas que cobran de salario cantidades que multiplican varias veces o salario destas mulleres cobren dietas por uns quilometraxes máis que cuestionables a 0,30 € o km e, ao mesmo tempo, a estas traballadores non se lles pague absolutamente para compensar os desprazamentos que teñen que facer para desempeñar o seu traballo.*

*É por todo o exposto con anterioridade, e sendo completamente inaceptable o mantemento desta situación, polo que o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Outeiro de Rei somete a debate e aprobación polo Pleno esta MOCIÓN, propoñendo a adopción dos seguintes ACORDOS:*

*1. O Concello de Outeiro de Rei porá en marcha tódalas medidas necesarias para que as traballadoras do Servizo de Axuda no Fogar de Outeiro de Rei cobren de xeito inmediato as compensacións por desprazamento ata os domicilios das persoas usuarias, sendo o prezo por quilómetro o mesmo que cobran os cargos políticos pertencentes a esta Corporación. 2. O Concello de Outeiro de Rei levará a cabo tódalas medidas que sexan precisas para pagarlle a estas traballadoras estas compensacións por desprazamento con efecto retroactivo ata onde sexa legalmente posible.*

Acto seguido fai uso da palabra o voceiro do PP, quen expresa que desexaría que os traballadores cobrasen máis. Non obstante, existen unhas limitacións orzamentarias que o dificultan.

Por outra banda, recorda que o servizo de axuda no fogar está contratado con unha empresa, quen é quen contrata aos traballadores, polo que as relacións laborais entre os traballadores e a empresa é allea ás competencias municipais salvo que medie unha petición expresa dos representantes dos traballadores en caso de incumprimento do convenio colectivo.

Non obstante, entende que as condicións nas que están a prestar o servizo son as que figuran no contrato de traballo e, por outra banda, a meirande parte das traballadoras o son con contratos fixos e, na meirande parte dos casos, a tempo completo.

Agradece e comparte que o voceiro do BNG recoñeza que se trata de un servizo magnífico, ben desempeñado e imprescindible, xa que o Concello está a facer dende fai tempo un enorme esforzo económico para prestalo, xa que as Administracións que deberían financiarlo non o fan. Neste punto recorda que o Estado incrementou un 22% o salario mínimo interprofesional, o que tivo un reflexo inmediato nas traballadoras e no custe do servizo e, nembargantes, non incrementou a financiación para afrontar tal incremento.

Está ben que se incremente o salario das traballadoras. Agora ben, quen acorda este incremento e ten as competencias en materia de servizos sociais, ten asemade a obriga de financiar o incremento de custes que implica a suba salarial, xa que de non facer así traslada a carga do financiamento aos concellos, quenes teñen que, ou ben deixar de prestar o servizo, ou facer un esforzo gigantesco para seguir a prestalo.

As traballadoras de este concello non están en condicións precarias, e todas aquelas que empezaron a traballar no servizo seguen a facelo salvo que marcharan por vontade propia.





## Concello de Outeiro de Rei

---

Este concello ten un magnífico servizo con unhas traballadoras magníficas, e algúns queren crear problemas e politizalos.

O voceiro do BNG afirma que trala intervención do Alcalde está máis preocupado do que estaba antes, xa que creía que todos os concelleiros ían estar de acordo en que é inxusto que unha traballadora que cobra menos de mil euros teña, por riba, que pagarse a quilometraxe dos desprazamentos aos domicilios dos usuarios. É dicir, aportar ela o coche e a gasolina do seu peto para que a empresa preste o servizo.

Advirte en que isto se produce porque todas son mulleres, sendo un perfecto exemplo de fenda salarial de xénero, xa que con homes isto non sucedería.

Sorpréndelle que o Alcalde afirme que non son traballadoras precarias a pesar de que traballan coma traballan por menos de mil euros e tendo que aportar o coche e a gasolina. Isto é a definición exacta de precariedade laboral.

E non pode afirmarse seriamente que non protestan e que coñecen as condicións laboráis cando asinaron o contrato, xa que os traballadores precarios se protestan vance á rúa, e, por outra banda, non poden deixar de coller un traballo, por precario que seña xa que necesitan os cartos. Qué alternativa ten unha muller de corenta ou cincuenta anos que non traballou antes?.

A proposta que aquí se trae é un gasto mínimo, moitísimo menor que moitos gastos supérfluos que afronta este concello. O problema para atallar este problema non é a falla de cartos, senón como se gastan.

O Alcalde recorda que o servizo está contratado con unha empresa, e cree e espera que así sexa, que esté a cumprir as súas obrigas laboráis. Non obstante, aconsella ao voceiro do BNG que dirixa os seus esforzos a acadar que as Administracións que teñen a obriga de financiar o servizo o fagan realmente.

Remata asegurando que o Concello seguirá a defender as traballadoras do servizo, e non permitirá que o BNG se arrogue mérito algún, xa que foi o Goberno do PP quen creou e mantivo estes postos de traballo, e sempre que gobernou a esquerda, o único que medrou foi a pobreza e o paro. Os feitos dín que o que realmente defende a esquerda é o paro.

Espera que as Administracións que teñen a obriga de financiar o servizo, especialmente o Goberno do Estado, financie o que ten que financiar e, deste xeito, que o Concello poda incrementar o salario dos traballadores.

Finalmente, nega tallantemente que neste concello exista fenda salarial por razón de sexo nin ningunha outra discriminación, e de feito, a representación de este pleno dá conta de quen discrimina e quen non.

Rematado o debate, sométese a votación a aprobación da moción.





## Concello de Outeiro de Rei

---

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada con oito votos en contra, pertencentes aos concelleiros do PP, e catro votos a favor.

### 5.- ROGOS E PREGUNTAS

A instancias do Alcalde, o Secretario da lectura, en viva voz, do seguinte rogo presentado polo grupo municipal do BNG:

*Xosé Ferreiro Fernández, Elvira Lombao Vila e Xabier Molinos Campos, concelleiros e concelleira do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan para a súa toma en consideración por parte da Alcaldía o seguinte rogo referido á limitación de velocidade nas rúas da vila de Outeiro*

*Exposición de motivos:*

*O feito de que algúns vehículos circulen a velocidades excesivas e inadecuadas polo casco urbano da vila de Outeiro de Rei é, por desgraza, unha realidade. Desde hai un tempo, persoas que viven nesa zona, e tamén usuarios dos servizos que se localizan nela, veñen solicitando que os condutores baixen a velocidade cando circulen por esas rúas. Nesa área hai unha praza peonil, un parque infantil, a Casa -Museo de Manuel María (frecuentemente visitada por escolares) e que tamén se concentran algúns servizos públicos (Concello, entidade bancaria, supermercado, bar...) E xa que a experiencia demostra que a redución de velocidade ten un efecto directo na diminución da sinistralidade dos máis vulnerables (peóns), ao mesmo tempo que se reduce a contaminación ambiental, ao diminuír as emisións de CO2.*

*É por todo iso, polo que facemos o seguinte rogo:*

*Para que o concello proceda a tomar as medidas oportunas para que os vehículos que circulan polo casco urbano da vila de Outeiro reduzan a velocidade de circulación a un máximo 30 km/h, poñendo os sinais correspondentes ou por calquera outro medio que considere pertinente.*

O Alcalde expresa o seu desacordo coas propostas contidas no rogo, e informa que se farán algún cambios na circulación das vías da Vila, pero non está de acordo coa redución da velocidade. De feito, alí onde se adoptaron estas medidas (coma en Lugo) a cidadanía non quedou contenta.

Acto seguido, o Secretario da lectura ao seguinte escrito de preguntas presentado polo grupo municipal do BNG:





## Concello de Outeiro de Rei

---

*Xosé Ferreiro Fernández, como voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan para a súa resposta por parte da Alcaldía a seguinte*

*Pregunta referida ao material escolar que lles vende a empresa concesionaria da gardería ás familias usuarias*

*Exposición de motivos:*

*Foron varios os pais e nais que mostraron a súa sorpresa cando ao comezo do curso na Gardería Municipal se atoparon que era obrigado comprar material escolar para os nenos e nenas á propia empresa concesionaria por valores que superaban os 30 euros.*

*Esta sorpresa ía en aumento cando se vía que era a propia empresa concesionaria a que realizaba a venda e, ademais, incluso os bebés de poucos meses tiñan que comprar o que eles lle chamaban “a miña primeira axenda” e pola que pagaban 32 euros.*

*Para o BNG isto parece unha operación destinada a incrementar os beneficios da empresa a conta de recargar de xeito indirecto e “pola porta de atrás” o prezo da taxas de uso da Gardería Municipal.*

*É por todo iso, polo que dende o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego en Outeiro de Rei queremos presentar ante o Pleno desta Corporación e para contestación por parte do Alcalde das seguintes preguntas:*

*Autorizou o concello á empresa concesionaria da Gardería Municipal para que as familias lles tiveran que comprar de xeito obrigatorio o material escolar, incluso aos bebés de tan curta idade?*

*Cree o señor alcalde que os bebés de tan curta idade necesitan comprar de forma obrigatoria unha axenda por valor de 32 euros?*

*O Alcalde desminte que se obrigue a ninguén a mercar unha axenda de 32 euros, xa que a axenda que se oferta é de 6,75 euros.*

*Os 32 euros abrangue a totalidade do material escolar do curso (incluída a axenda), e este prezo é axeitado. Non obstante, se os pais expresan ao concello que prefiren eles facerse cargo de mercar dito material o Concello non tería inconveniente algún, xa que o único que se busca é facilitar e economizar as familias. De feito, tódolos anos os pais e nais son convocados a unha reunión para a elección do representante perante o concello, e nesa reunión trátanse tódolos asuntos que se desexan, podendo tratarse ese igualmente.*

*Finalmente, por orde do Alcalde o Secretario da conta do escrito do grupo municipal do BNG de designación dos membros das comisións do pleno.*





## Concello de Outeiro de Rei

---

E non habendo máis asuntos a tratar, o Alcalde levanta a sesión sendo as quince horas e cinco minutos, da que eu, Secretario, extendo a presente acta co visto e prace do sr. Alcalde.

O Secretario

VºPº; O Alcalde

